

Matemáticas: Iremos continuar o tema 10: Unidades de medida (metros, litros e kg) . Antes de Semana Santa repasamos os dous primeiros. Agora iremos cos Kg. Tendes exemplos feitos dos exercicios e tamén deixamos un video explicativo nesta páxina web e outro na pestana que pon Orientación no apartado de pedagogía terapéutica. Fixádevos neles.
páx 162/163exercicios 1,2,3,4,6

Tamén vos deixo en adxunto unas fichas de repaso. Si tedes impresora podedes imprimir e facer xa na ficha.

Ciencias Naturais: Lectura páxinas 104 e 105. Son contidos dados o ano pasado sobre materia e enerxía.

páx 105exercicios 1,2,3,4.

Facede tamén a lectura do tema 7: A falsa coroa. Aquí vos deixo o enlace a un video da serie “Erase una vez” na que se trata o Principio de Arquímedes (gracias ao que se explica porqué algún obxectos flotan e outros non).

<https://www.youtube.com/watch?v=sl2LLN7Jaxc>

Ciencias Sociais:

Os alumnos van comezar o estudo da historia e, en concreto, da Idade Media. España organizouse en dous espazos culturais: o musulmán e o cristián. O Camiño de Santiago era a ruta de peregrinación que levaba desde distintos puntos de Europa e da Península ata Santiago de Compostela. Alí, segundo a tradición cristiá, encontrábase a tumba do apóstolo Santiago. Ao longo da ruta edificáronse igrexas, pousadas, pontes... Moitos deles aínda se conservan. Por iso, o Camiño foi declarado en 1993 Patrimonio da Humanidade.

Podedes empezar por facer a lectura e as preguntas da páxina 102 do libro de sociais.

Se queredes ampliar información podedes visitar algunha páxina web sobre o Camiño de Santiago. Por exemplo, <https://www.caminodesantiago.gal/es/inicio>, que ofrece información interesante e práctica.

Lengua Castellana:

Deixo varios adxuntos con fichas de lingua para repasar a anterior avaliación.

No seguinte enlace <https://www.mundoprimaria.com/juegos-educativos/juegos-lenguaje/gramatica/gra-quinto> tendes xogos de lingua castelá para xogar un pouco aprendendo.

Lingua Galega:

páx 156exercicios 3,4

páx 157exercicios 1,2,3.

Páx 154..... Facede os exercicios 1,2 e 3. **LER** 4,5

Na tarefa que se propón neste apartado, os alumnos van poñer en práctica o vocabulario do parque acuático que aprenderon na unidade e utilizar o modo imperativo, que estudaron no apartado de Gramática. Ademais, van mellorar a súa conciencia cidadá e entender o que implica vivir en sociedade. Tratade de concienciarvos de que as normas se fan para protexer as persoas e garantir os seus dereitos; fannos a todos iguais e non permiten que haxa privilexios nin que unhas persoas estean por enriba doutras. A tarefa remata coa elaboración dun cartel coas normas de comportamento que eles elexiron.

Inglés: seguides o blog de inglés, na páxina web do cole; onde hai colgadas distintas actividades.

Francés : Poden acceder ó blog co seguinte

enlace <https://amestradufle.blogspot.com/> ou dende a páxina web (pestaña francés). Atoparán nel algúns recursos para repasar os contidos dados.

Ademais dalgunhas proposta. Ó igual que na clase trátase de aprender de xeito lúdico e interactivo polo que as actividades son desa índole. Poden entrar no blog e buscar as entradas dedicadas ao francés xa que tamén hai entradas para os nenos de 2º.

O venres subirei as solucións destes exercicios de hoxe que debedes correxir vós, como sempre facemos na clase. Non tendes que enviar os exercicios correxidos, suponse que xa sodes maiores e que sabedes facelo.

Unha aperta

Mar.